

**OS MUSULMÁNS NA PENÍNSULA IBÉRICA**  
(etapas políticas e realidade socioeconómica)

**Información libro Baía Edicións: Apartado 1.1. Conquista e ocupación islámica. 1.2. Emirato e califato de Córdoba. 1.5. As campañas de Almanzor e a fin do califato de Córdoba. 2.2. A loita contra os almorábides. 2.4. A loita contra os almohades. 2.8. O reino nazarí de Granada. Páxinas 38-42, 49-51, 54-55.**

**Posible resposta:**

No 711, tropas bérberes cruzaron o estreito de Xibraltar e desembarcaron na Península chamados por parte da nobreza goda, partidaria dos fillos do defunto rei Witiza, para combater o rei visigodo Rodrigo. O enfrontamento produciuse no río Guadalete e rematou coa vitoria dos musulmáns, que iniciaron unha rápida conquista e ocuparon gran parte do territorio peninsular. De acordo co tipo de reinos musulmáns existentes na Península ata 1492, diferéncianse as seguintes **etapas políticas**:

-Provincia dependente do califato de Damasco (711-750) e de Bagdad (750-756)

-Emirato de Córdoba (756-929): iniciado por Abd al-Rahmán I ao proclamarse emir (príncipe ou soberano) independente do califato de Bagdad.

-Califato de Córdoba (929-1031): iniciado por Abd al-Rahmán III ao proclamarse califa (xefe relixioso) dos musulmáns da Península. Foi a época de maior dominio territorial (sobre todo coas campañas de Almanzor) e a capital Córdoba converteuse no maior centro económico e cultural de occidente (destacando entre as construcións a mesquita de Córdoba e o palacio de Medina al-Zahra).

-Reinos de taifas ♦ e imperios almorábide e almohade (1031-1248): xurdidas da división do califato de Córdoba, as taifas foron pequenos reinos independentes incapaces de facer fronte aos ataques dos cristiáns e dos imperios norteafricanos sendo dominados polos almorábides (1086-1145) e despois polos almohades (1146-1212).

- Reino nazarí de Granada (1248-1492) derradeira taifa que se mantivo ata 1492 sendo conquistada polos reis católicos, poñendo fin a al-Andalus.

**A realidade socioeconómica de al-Andalus.** Os conquistadores musulmáns non formaban un grupo homoxéneo e non ocuparon toda a Península coa mesma intensidade. Os árabes instaláronse nos vales ricos do sur e do leste, mentres que aos bérberes lles tocaron as terras máis pobres da Meseta e do norte. Unha parte da poboación autóctona aceptou a nova situación, abandonou o cristianismo e converteuse ao islam (muladí) e outra mantivo a súa fe cristiá e continuaron vivindo nos seus lugares pero sometidos aos musulmáns (mozárabes ♦). Entre as minorías, destacaron os eslavóns (escravos liberados e convertidos ao islam) e os xudeus.

O asentamento dos novos conquistadores nas cidades provocou o seu renacemento ao convertelas en centros políticos, administrativos e de intercambios de produtos, de aí que predominase a economía comercial baseada na reactivación das actividades artesanais e agrarias. Melloraron as técnicas agrarias, especialmente o regadío (canles, noras, sistemas de reparto de augas...) e introduciron novos produtos (arroz, cana de azucre, laranxas...). A necesidade de abastecer a crecente poboación urbana estimulou un forte e diversificado desenvolvemento das actividades artesanais e comerciais, que tiñan o seu centro nos pequenos talleres e tendas existentes nos zocos das cidades. Os intercambios favorecíanse da emisión de abundantes moedas de oro (dinar) e prata (dirhem).

**RECONQUISTA E REPOBOACIÓN**  
**(etapas da Reconquista, modelos de repoboación)**

**Información libro Baía Edicións: Apartado 3. A orixe dos reinos cristiáns. 1.4. Reconquista e repoboación. 2. A expansión cristiá e a fin de Al Andalus. Páxinas 42-55.**

**Posible resposta:**

**Reconquista.** Así denomínase ao período no que os cristiáns recuperaron o territorio conquistado polos musulmáns comprendido entre os anos 722 (data probable do primeiro triunfo cristiá na batalla de Covadonga) e o 1492 (conquista de Granada, a derradeira taifa musulmá). Ao longo destes oito séculos nos que se enfrontaron musulmáns e cristiáns diferéncianse distintas **etapas**:

-Os inicios (séculos VIII-IX-X). Formación dos primeiros reinos cristiáns no norte peninsular: na zona cantábrica, Asturias (máis tarde reinos de León e de Galicia) e nos Pirineos, onde os territorios ocupados polos francos (Marca Hispánica ♦) foron tomados pola nobreza local e formaron o reino de Pamplona e os condados de Aragón e Barcelona. Desde estes núcleos os cristiáns avanzaron lentamente cara o val do Douro e do Ebro, estando sometidos a continuas razzias do califato de Córdoba.

-A expansión conquistadora, alternando con períodos de contención (séculos XI-XII-XIII). A división musulmá en taifas e a reorganización cristiá (creación do reino de Aragón en 1035 e do reino de Castela en 1037 que incorporou a León e Galicia), permitiron nun rápido avance cara o sur, destacando a toma da cidade de Toledo (1085). Este impulso foi freado pola chegada dos almorábides (1086). A expansión reactivase coa conquista de Zaragoza (1118) pero interrompese pola chegada dos almohades (1146). A súa derrota en 1212 na batalla das Navas de Tolosa permitirá aos cristiáns conquistar o val do Guadalquivir pola Coroa de Castela (toma de Córdoba en 1236, Sevilla en 1248 e Cádiz en 1265), mentres que a Coroa de Aragón avanza sobre Valencia (1238) e Baleares (1229).

-Ralentí e fin da Reconquista (séculos XIV-XV). Unicamente resiste o reino taifa de Granada, que será conquistado en 1492.

**Repoboación.** Paralelamente ao proceso de reconquista desenvolveuse o da repoboación das terras tomadas aos musulmáns e que, debido á inestabilidade provocada polos enfrontamentos entre os dous exércitos quedarán, en moitas zonas, case deshabitadas. Sobre estas terras, aplicáronse os criterios xurídicos romanos e visigodos de considerar que se trataba de bens sen dono e que, polo tanto, pertencían aos reis cristiáns, quen podía dispor libremente deles para levar a cabo a súa repoboación.

**Modelos de repoboación. Inicialmente** A modalidade predominante foi a presura ♦ ou aprisio, pola que o rei autorizaba a establecerse nun determinado territorio, que pasaba a ser propiedade de quen o ocupase e cultivase as terras. A partir do século X os monarcas potenciaron a repoboación e fundación de novas vilas e cidades mediante a concesión de cartas de poboamento ♦ e cartas forais nas que se recollían os privilexios dos novos habitantes. Nos séculos XI e XII, ante os ataques de almorábides e almohades, os reis concederon grandes dominios (especialmente nas zonas comprendidas entre o Texo e Serra Morena, nos cursos alto e medio do Turia e Guadiana e nas serras de Cuenca e Teruel) ás Ordes Militares para que os ocupasen e defendesen. A partir de finais do século XII, na repoboación da zona estremeña e do sur peninsular, empregaron o repartimento ou concesións de lotes de terras para os repoboadores de acordo coa súa categoría social e militar, o que permitiu a creación de grandes latifundios en mans de señores eclesiásticos e nobiliarios.

### O RÉXIME FEUDAL E A SOCIEDADE ESTAMENTAL

Información libro Baía Edicións: Apartado 3. Sociedade e monarquía feudal. Páxinas 55-62.

Posible resposta:

**O réxime feudal.** Sistema socioeconómico e político vixente na Idade Media baseado nas relacións de vasalaxe. O rei era o señor supremo dun territorio, a quen todos lle debían obediencia e fidelidade, pero a cambio tiña que outorgar aos seus vasallos un beneficio ou feudo (terras ou/e dereitos xurisdiccionais). A súa vez, os grandes nobres empregaban este tipo de relacións con outros de inferior categoría, formándose así unha pirámide de dependencia (pirámide feudal). De acordo con estas obrigacións feudais, cada nobre importante dispuña dun exército particular de vasallos ao seu servizo e o exército do rei estaba formado pola unión desas mesnadas particulares dos nobres e eclesiásticos. O monarca era o dono do reino (monarquía patrimonial) e exercía a soberanía (de orixe divino) e a autoridade suprema, pero compartía cos señores o exercicio do poder e da xustiza que estes administraban nas súas terras e señoríos (monarquía feudal) e debía gobernar respectando os privilexios forais dos reinos e cidades. Na Coroa de Castela dominou a concepción autoritaria do poder (agás nos señoríos vascos), pero na de Aragón a pactista, é dicir, o rei e o reino manteñen un pacto polo que reina de acordo cos privilexios dos diferentes reinos que forman a Coroa de Aragón.

**A sociedade estamental.** A sociedade cristiá medieval foi unha sociedade estamental na que os individuos estaban ordenados en grupos, estados ou estamentos, de acordo coa función que desenvolvían: loitar, rezar, traballar. Nesta sociedade predominaban os lazos de dependencia persoal fronte aos vínculos de carácter público e os seus membros eran legalmente desiguais: uns grupos posuían privilexios e vantaxes xurídicas, e outros non.

Os grupos privilexiados estaban formados polos nobres e os eclesiásticos; posuían honores e títulos, non pagaban tributos, tiñan leis e tribunais especiais e exercían o poder e a xustiza sobre os demais. Eran os señores e fundamentaban a súa posición de dominio e privilexio na dedicación ao exercicio das armas ou á oración (consideradas como actividades superiores). Entre eles existían grandes diferenzas (honoríficas e económicas), tanto entre a alta nobreza (duques, condes) e a baixa (fidalgos) como entre o alto clero (abades, bispos) e o baixo (curas e monxes).

O grupo dos non privilexiados estaba composto polo resto da poboación: campesiños, artesáns, comerciantes, burgueses...; formaban o estamento dos *pecheiros*, porque pagaban os pechos ou impostos. A súa situación variou co paso do tempo: antes do século X estivo composto fundamentalmente polos labradores, diferenciándose entre os campesiños libres, propietarios de pequenas parcelas, e os colonos ou servos, que estaban adscritos á terra que traballaban (non a podía abandonar sen permiso) e debían realizar diversas prestacións e servizos aos seus señores. Despois do século X, co renacemento urbano e das actividades comerciais xurdiron novos grupos nas cidades e vilas: menestrais, artesáns e comerciantes; todos eles formaron o grupo dos burgueses (habitantes dos burgos).

Foi moi frecuente que moitos campesiños libres buscasen a protección dun nobre, dunha igrexa ou dun mosteiro. Estes vínculos de dependencia coñécense co nome de relacións de encomenda. A cambio de protección e defensa, os pequenos propietarios rurais encomendaban a súa persoa, a súa familia e os seus bens a un señor, entregándolle todas ou parte da súas terras ou pagándolle unha taxa anual. Entre os grupos marxinais e minoritarios estaban os xudeus, dedicados ás actividades artesanais e mercantís, e os mudéxares; ambos vivían nas cidades en barrios separados (xuderías, mourerías).

### AS CRISES BAIXOMEDIEVAIS

(crises demográficas, problemas sociais, o caso galego: as revoltas irmandiñas do século XV)

Información libro Baía Edicións: Apartado 4. A crise dos séculos XIV-XV. 5.5. As dificultades do século XV (en Galicia). 5.6. A revolta dos irmandiños. Páxinas 62-65, 72-75.

#### Posible resposta:

Os séculos XIV e XV estiveron marcados en Europa por unha profunda crise que afectou a todos os sectores da sociedade.

**Crises demográficas.** A mediados do século XIV, a poboación incrementárase por enriba dos recursos dispoñibles e as malas condicións climáticas provocaron a subalimentación; moitos morreron de fame e outros quedaron moi debilitados, favorecendo a propagación de enfermidades e epidemias. Nesta situación estendeuse por toda Europa en 1348 a Peste Negra, provocando unha gran catástrofe demográfica. Moitos pobos quedaron sen habitantes e moitas cidades viron reducida drasticamente a súa poboación.

**Problemas sociais.** A diminución das súas rendas levou aos señores feudais e ás elites das cidades a exixir con dureza os seus privilexios sobre labregos e artesáns. O malestar social deu orixe a revoltas e conflitos:

-A revolta foránea de Mallorca (1450-1452). Protesta dos campesiños e artesáns contra a oligarquía da cidade de Palma que contou coa axuda do exército de Aragón para derrotar os rebeldes.

-O enfrontamento da Busca e a Biga en Barcelona ((1450-1462). Conflito entre o sindicato da Busca (artesáns e pequenos comerciantes) contra a Biga (gobierno da cidade), que consegue triunfar, recuperando o control das institucións e reprimiu con dureza os dirixentes da Busca.

-O conflito remensa en Cataluña (1462-1486). Conflito antiseñorial protagonizado polos campesiños cataláns que querían liberarse da suxeición na que se atopaban respecto dos nobres mediante unha redención ou remensa, obxectivo que conseguiran en 1486 grazas a unha sentenza do rei Fernando o Católico.

-Ruptura da tolerancia relixiosa cos xudeus. Ata o século XIV existía certa tolerancia cos xudeus, pero a crise xeral acrecentou a violencia e a intolerancia e producíronse diversos progroms.

**O caso galego: as revoltas irmandiñas do século XV.** Para compensar a perda de ingresos, os nobres galegos actuaron con violencia usurpando bens e esixindo novas taxas e tributos á poboación, ademais de realizar numerosas expedicións de saqueo, refuxiándose logo nas súas fortalezas. Os campesiños e os habitantes das cidades levantáronse contra estes abusos e a violencia dos señores formando irmandades e protagonizando as revoltas ou guerras irmandiñas:

-A Irmandade *fusquenlla* orixinouse en 1431 nas terras de Pontedeume e Betanzos ante a dureza que amosaba Nuño Freire de Andrade o Mao. Os campesiños, capitaneados polo fidalgo coruñés Roi Xordo, formaron irmandade e asaltaron e destruíron diversas fortalezas e castelos. As forzas de Andrade, axudadas polas do arcebispo de Santiago, derrotaron aos irmandiños da *fusquenlla* e restableceron a situación anterior.

-A Gran Guerra Irmandiña (1467-1469) enfrontou a unha irmandade de 80.000 galegos (campesiños, habitantes das cidades, cregos, fidalgos) fartos dos abusos señoriais contra a nobreza e o arcebispo de Santiago. Derrubaron máis de 130 fortalezas (símbolos do poder dos señores) e expulsaron aos nobres, pero estes contraatacaron dirixidos por Pedro Álvarez de Soutomaior. Os irmandiños foron derrotados, padeceron unha dura represión, varios dos seus líderes foron axustizados e foron obrigados a reconstruír algunhas das fortalezas.